



DATOS IDENTIFICATIVOS

Gramática española II

Materia	Gramática española II			
Código	V01G160V01503			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rifón Sánchez, Antonio			
Profesorado	Rifón Sánchez, Antonio			
Correo-e	arifon@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia céntrase no estudo e análise das principais categorías gramaticais e das súas construcións sintácticas			

Competencias

Código	
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
C6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
C8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
C12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
D2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
D5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprender e manexar as técnicas da análise sintáctica en función das diferentes propostas lingüísticas.	A2 A4	C4 C8	D5
Dominar a análise sintáctica desde o nivel da cláusula ou oración simple e da cláusula complexa ata o nivel da palabra.	A2 A4	C6 C12	D2
Argumentar e xustificar as propostas de análise sintáctica presentadas en función da interpretación semántica.	A2 A4	C6 C8 C12	D2
Ser capaz de construír secuencias en función de certas condicións gramaticais.	A2 A4	C6 C12	D5
Ser capaz de resolver problemas e cuestións sintácticas en relación a feitos de significado e de contexto.	A2 A4	C4 C6	D2
Saber construír un discurso non sexista e multirracial	A2 A4	C4 C12	D5

Contidos	
Tema	
1. A frase sustantiva	1.1. Tipos de sustantivos 1.2. Os determinantes 1.3. A aposición 1.4. Cuestións estruturais
2. O adxectivo e a frase adxectiva	2.1. Tipos de adxetivos 2.1. Posición do adxectivo 2.2. Gradación 2.3. Estrutura da frase adxectiva
3. O verbo e o predicado	3.1. Tipos de verbos 3.2. Complementos e adxuntos
4. A cláusula ou oración complexa	4.1. As cláusulas ou oracións subordinadas adxectivas. 4.2. As cláusulas ou oracións subordinadas sustantivas: tipos e funcións. 4.3. As cláusulas ou oracións subordinadas adverbiais propias: as adverbiais locativas, as adverbiais temporais e as adverbiais modales.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	30	40
Estudo de casos/análises de situacións	12	10	22
Sesión maxistral	20	18	38
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	6	44	50

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Propoñeranse na aula ou na casa exercicios sobre problemas puntuais da materia co fin de que a alumna ou o alumno solucione aquelas cuestións máis complexas ou difíciles.
Estudo de casos/análises de situacións	Propoñeranse ao alumnado casos para resolver, ben na casa ou ben na aula; neste caso, exporá a súa solución mediante unha exposición pública.
Sesión maxistral	Exposición na clase a través de textos e resumos dos principais conceptos gramaticais, métodos de análise, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesor atenderá, na aula ou en titorías, os problemas que os alumnos teñan na resolución de casos e propoñerá exercicios ben individualmente ou para grupos reducidos co fin de reforzar a aprendizaxe naquelas cuestións que poidan resultar máis problemáticas a cada estudante
Estudo de casos/análises de situacións	O profesor atenderá, na aula ou en titorías, os problemas que os alumnos teñan na resolución de casos e propoñerá exercicios ben individualmente ou para grupos reducidos co fin de reforzar a aprendizaxe naquelas cuestións que poidan resultar máis problemáticas a cada estudante

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Este método de avaliación consistirá na resolución por parte do alumno ou alumna de problemas ou exercicios sobre aspectos puntuais e especialmente difíciles do programa. Propoñerase, polo menos, un exercicio por tema. Os contidos destes exercicios serán todos aqueles que teñan sido tratados na aula ou fora dela incluídas as sesións maxistras e as lecturas.	5	C4 C6 C8 C12	D2 D5
Estudo de casos/análises de situacións	Este método de avaliación consistirá na resolución por parte do alumno ou alumna de casos sobre aspectos que abarquen unha gran parte do temario. Propoñerase, polo menos, un exercicio por tema. Os contidos destas análises serán todos aqueles que teñan sido tratados na aula ou fora dela incluídas as sesións maxistras e as lecturas.	5	C4 C6 C8 C12	D2 D5

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Consistirán en exames prácticos, semellantes aos realizados na aula ou na casa, que deberán ser resoltos sen axuda de material. Os contidos destas probas serán todos aqueles que teñan sido tratados na aula ou fora dela incluídas as sesións maxistras e as lecturas.	90	C4 C6 C8 C12	D2 D5
---	--	----	-----------------------	----------

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno ou a alumna ou a alumna ou o alumno poderán entregar catro resolucións de exercicios e catro estudos de casos (un de cada un dos temas). Valoraranse como o 10% da nota só se se entregaron 5 dos 8 exercicios propostos.

Farase un exame (tipo proba práctica) cada dous temas (1 e 2, 3 e 4). Aqueles alumnos que superen algún destes exames liberarán esta parte da materia e non terán que examinarse dela, nin en xaneiro, nin en xullo. Aqueles que non alcancen o nivel esixido nun dos dous exames, terán que examinarse só da parte da materia que non superen.

Para aqueles que non realicen ningún dos exames anteriores haberá un exame en xaneiro (nas datas oficiais) no que deberán realizar toda a proba. En xaneiro, para poder acceder ao 10% da nota, deberase entregar, polo menos, 5 dos exercicios e estudos de casos propostos ao longo do curso.

Se ben non se fai referencia á asistencia as aulas, esta é moi recomendable para poder superar a materia sen problemas.

En xullo o exame constitúe o 100% da nota. Deberán facer todo o exame aqueles que non se presentaron a ningún exame. Os que se presentaron pero non superaron ningunha parte, tamén deben facer todo o exame. Aqueles que non superaron só algún dos exames aos que se presentaron durante o curso só terán que examinarse da parte ou partes non superadas.

Bibliografía. Fontes de información

Bosque, I y Demonte, V., **Gramática descriptiva de la lengua española v. 3**, 1999, Real Academia Española, **Nueva gramática de la lengua española v. 1**, 2009,

Darase na aula unha bibliografía pormenorizada e explicada de cada tema, así como os recursos electrónicos.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Gramática española III/V01G160V01701

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Gramática española I/V01G160V01502

Materias que se recomenda ter cursado previamente

(*)/